

UNHA VEZ MAIS O SERGAS VENDENDO FUME

O pasado venres 13 de decembro, o SERGAS anunciou en todos os medios que se aprobara na Mesa Sectorial de Sanidade unha oferta de emprego para a incorporación de 1057 novas prazas.

Que non te enganen, esas prazas son as prazas vacantes que xa se ofertaron nas ofertas de emprego dos anos 2018 e 2019.

O que se aprobou na Mesa Sectorial do día 13 de decembro foi a convocatoria do proceso selectivo das prazas do seguinte cadro.

CATEGORÍAS	PRAZAS QUE SE VAN CONVOCAR	OFERTAS DE EMPREGO	
		2018	2019
FEAS (39 especialidades)	416 prazas	331	85
MUH	69 prazas	65	4
MÉDICO/A ASISTENCIAL 061	3 prazas	3	
MÉDICO/A ADMISIÓN	2 prazas	2	
LOGOPEDA	4 prazas	4	
TERAPEUTA OCUPACIONAL	5 prazas	5	
TER	63 prazas	38	25
TEL	104 prazas	79	25
TEAP	41 prazas	25	16
TÉCNICO/A RADIOTERAPIA	11 prazas	8	3
HIXIENISTA DENTAL	10 prazas	10	
TÉCNICO/A FARMACIA	76 prazas	51	25
COCIÑEIRO/A	24 prazas		16
PINCHE	229 prazas	159	70

Non é unha nova oferta de emprego

Que non te vendan esas prazas tres veces

Hai que eliminar a taxa de reposición

Hai que consolidar as prazas cubertas durante anos con contratos precarios

Pola creación de emprego estable e de calidade

Non á precariedade laboral